

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA SITA NO CENTRO DE CONVIVENCIA MUNICIPAL UXÍO NOVONEYRA SITO NA RÚA QUIROGA BALLESTEROS. (EXPEDIENTE 25-2015). APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS.**

Sendo as 13:45 horas do día 18 de xaneiro de 2016, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Técnico do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, dona Ana Tabarés Martínez, e actuando como vocais:

- Dona Elena Sánchez Picado, Xefa de Sección dos Servizos Sociais.
- Dona Elva Anido Anido, Xefa de Servizo de Intervención
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Letrada Asesora da Asesoría Xurídica.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Técnico do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, actuando como secretario.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procedese por parte da Sra. Secretaria a informar que as dúas ofertas presentadas teñen correcta a súa documentación administrativa, polo que procede a apertura dos sobres correspondentes á oferta económica, iniciándose a continuación e sendo o seu resultado o seguinte:

- 1.- JAVIER TORRÓN LÓPEZ, oferta un canon mensual a satisfacer ó Concello de 385 euros IVE incluído.
- 2.- JOSÉ ANTONIO PILLADO PÉREZ, oferta un canon mensual a satisfacer ó Concello de 175,20 euros IVE incluído.

A continuación, por parte dos membros da Mesa procedeuse ao outorgamento das puntuacións dos distintos licitadores, segundo o sinalado na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares, quedando o resultado do seguinte xeito:

LICITADORES	OFERTA ECONOMICA (Ata 10 puntos)	TOTAL
JAVIER TORRÓN LÓPEZ	10	<b>10 puntos</b>
JOSÉ ANTONIO PILLADO PÉREZ	1,07	<b>1,07 puntos</b>

Na súa consecuencia, os membros da Mesa, por unanimidade, acordan propoñer a adxudicación do procedemento de referencia, á don Javier Torrón López, na cantidade de 385 €/mensuais IVE incluído e demais condicións incluídas na súa oferta.

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.**


XMCR/jlgn

Refª: ACTA MESA CONTRATACION OFERTAS ECONOMICAS CAFETERIA UXIO  
NOVONEYRA

Asunto:

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA  
  
Asdo: Ana Tabares Martínez

O SECRETARIO  
  
Asdo: Manuel Louzao Aldariz

